

## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE OURENSE

*MODIFICACIÓN DA BASE 6 DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A PARA ATENDER NECESIDADES TEMPORAIS E INTERINIDADES NO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*

Modificación da base 6 do concurso-oposición para a creación dunha bolsa de emprego temporal de bombeiro/a condutor/a para atender necesidades temporais e interinidades no Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

A Presidencia do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, por Resolución número 2025/0074, do 30 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Modificar a base 6.1 e 6.2 das bases reguladoras da convocatoria dun concurso-oposición para a creación dunha bolsa de emprego temporal de bombeiro/a-condutor/a, para atender necesidades temporais e interinidades no Consorcio Provincial de Ourense, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 74, do 21/04/2025. As ditas bases 6.1 e 6.2 quedan redactadas do seguinte xeito:

«6. Fase de concurso.

1. A fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, será obxecto de valoración unha vez finalizada a fase de oposición.

2. Unha vez publicada a lista definitiva de persoas aspirantes que superaron a fase de oposición, o Tribunal reunirse en sesión non pública para os efectos da súa constitución e de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición na paxina web da Deputación Provincial de Ourense, sección outras webs, consorcio contra incendios:

(<https://www.depourense.gal/gl/oferta-emprego/oferta-emprego-deputacion/bolsa-de-contratacion-cis>), con posterioridade á realización dos exercicios da fase de oposición e ata a resolución final do proceso selectivo.»

Segundo. A presente modificación só afecta ao contido da citada base, quedando inalterable a convocatoria cuxo prazo de presentación xa finalizou.

Terceiro. Publicar no Boletín Oficial da Provincia esta corrección para o coñecemento xeral.

Contra este acordo pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Presidencia do Consorcio Provincial de Ourense, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar





ambos os recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Ourense, 2 de xuño de 2025. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

**R. 1.333**

